



## ANEXO AO CONTRATO DE SERVIZO POSPAGO RESIDENCIAL TELÉFONO SEN FÍOS

Mediante a sinatura do presente ANEXO ao CONTRATO DE SERVIZO POSPAGO RESIDENCIAL, o CLIENTE acepta as seguintes Condicións aplicables ao Teléfono Sen Fíos:

1. As presentes condicións prevalecerán, para o expresamente previsto, ás Condicións do SERVIZO POSPAGO RESIDENCIAL. Para as cuestións non expresamente contempladas polo presente Anexo, resultará de aplicación o establecido nas Condicións do SERVIZO POSPAGO RESIDENCIAL.
2. Para acceder ao servizo Teléfono Sen Fíos é preciso contar cun terminal específico que se entrega ao CLIENTE en réxime de aluguer.
3. O CLIENTE non adquirirá a propiedade do terminal entregado, nin poderá cedelo ou entregalo a terceiros, debendo mantelo no seu poder durante a vixencia do presente contrato e utilizalo exclusivamente no lugar e para o fin contratado.
4. No caso de que o cliente teña unha ou varias facturas impagadas, **R** poderá solicitar en calquera momento de vixencia do contrato a constitución dun depósito de garantía non remunerado, en efectivo ou aval bancario, cun importe que será como máximo o valor do terminal facilitado; no caso de que unha vez requirido por **R**, o CLIENTE non constituíse a garantía antes citada no prazo de quince días naturais, **R** poderá retirar o terminal facilitado ou, no seu caso, non facilitar o mesmo.
5. O CLIENTE é responsable dos danos producidos polo uso ou manipulación inadecuado ou non autorizado do terminal entregado, sendo ao seu cargo calquera reclamación que puidese producirse.
6. O CLIENTE deberá custodiar e utilizar adecuadamente o terminal entregado por **R**, polo que, en caso de extravío, roubo, furto, desaparición, destrución ou deterioro non derivado do uso ordinario, de todo ou parte da terminal propiedade de **R**, o CLIENTE deberá informar do suceso a **R** no prazo máximo de tres días naturais.
7. O CLIENTE deberá indemnizar a **R** por un importe igual á totalidade dos gastos derivados da reparación do terminal deteriorado ou avariado ou, pola totalidade do seu valor inicial á subscrición do presente Contrato, en caso de extravío, roubo, furto, desaparición, ou destrución, ou de avarías ou deterioracións que esixa unha reparación cuxo custo supere o do terminal avariado ou deteriorado; a mencionada indemnización farase efectiva mediante cargo bancario a favor de **R**, podendo incluírse ben na factura relativa aos servizos contratados ou ben en factura independente.
8. Unha vez resolto o presente contrato, o CLIENTE deberá, no prazo de quince días naturais dende a data efectiva da resolución, devolver a **R** o terminal que lle fose entregado. O CLIENTE deberá devolver a **R** o equipo que lle fose entregado en perfecto estado estético e de funcionamento, salvo o normal desgaste por uso do mesmo. Se no prazo establecido de quince días naturais seguintes á data efectiva da resolución do contrato, o CLIENTE non facilitase a retirada do terminal que no seu día lle foi entregado, ou se o terminal devolto atopácese con defectos estéticos e/ou de funcionamento distintos aos que o uso normal dos mesmos causase, o CLIENTE deberá indemnizar a **R** por unha cantidade igual ao prezo de mercado do terminal. A mencionada indemnización farase efectiva mediante cargo bancario a favor de **R**, podendo incluírse ben na factura relativa aos servizos contratados ou ben en factura independente, ou por calquera outro método de pago especificado por **R**.
9. Ponse en coñecemento do CLIENTE que o Servizo non permite:
  - A utilización en ROAMING dentro ou fóra da Unión Europea.
  - O uso de datos móbiles.

En proba de conformidade asinan as partes o presente acordo a día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

firma do CLIENTE

por **R, Alfredo Ramos**, director comercial